

Traballo de Historia Oral

Felipe José Castro Codesido

Eduardo Valeiro Castro

Nome: Felipe José Castro Codesido

Idade: 81 anos

Lugar e data de nacemento: Oínes (Arzúa), 14 de Febreiro de 1926

Lugar de residencia actual: Oleiros (A Coruña)

Parentesco. avó materno

INFANCIA

Felipe Xosé nace o 14 de febreiro de 1926. Era o maior dos seus oito irmáns. Vivía en Oínes, unha parroquia de Arzúa duns 14 veciños aproximadamente. Dende moi pequeno, cuns 7 anos, xa comezou a traballar; traballaba poñendo trampas ós coellos no monte, un traballo sacrificado, xa que tiña que ir a ver as trampas a primeira hora do día para que outras persoas non llos roubasen. As trampas estaban feitas dunha pedra moi pesada que tiña que carretar longos percorridos. Con isto xa iba gañando por coello 6 réas e unha peseta polos de maior calidade, así foi xuntando os seus primeiros aforros. Tamén se adicaba a apañar o caruncho, que era o gran negro que botaba o centeo e que non tiña importancia para a alimentación pero si era cotizado para o armamento na guerra, e llo pagaban bastante ben daquela. Con el facíase un produto para empavonar as armas.

Así foi crescendo, e cando xa tiña uns 10 anos o pai mandábalos a cortar o toxo cas vacas, mentras elas pastaban no monte el adicábase á recollida de gavelas de toxo que servían para estrar as cortes dos animais. Cando chovía axudáballe o seu pai a confeccionar zapatos na zapatería da que sacaban a maior fonte económica que sostiña a casa.

En resumidas contas, os traballos dos homes eran traballos duros, no campo ou cos animais, mentres que as irmás adicábanse a costura, ían polas casas que as chamaban arranxando prendas ou confeccionando roupa por encargo. Isto daba poucos cartos pero eran máis que os que daba estar na casa.

A nai realizaba as tarefas da casa, como coidar ós nenos pequenos, limpar, cociñar, coser a roupa dos fillos...

Naquel tempo comíase moi mal. A comida era sempre a mesma. Mataban dous porcos ó ano para 10 persoas, facían caldos con berzas e un chisquiño de carne pero moi pequena. O caldo era practicamente todo auga sen apenas carne nin verdura. O pan tamén o facían na casa, con millo. E con trigo e centeo para as festas.

So se facía comida un pouco especial os días das festas, como por exemplo un guiso, uns callos ou unha fabada.

As festas que había eran Corpus (Agosto) que era un día e despois tres de festa. O que se adoitaba facer era unha comida mellor que a de costume. Pola mañá había unha ou dúas misas cantadas, ó mediodía a misa solemne e pola tarde tocaba unha banda de música. Pola noite non estaba permitido sair pola igrexa que era a que tiña o poder e se non se facía caso ou faltabas a misa os curas da parroquia non che daban o certificado de boa conducta que era necesario por exemplo para poder viaxar.

Outra festa era San Cosme (27 de Setembro), o Carnaval (2 días) no que se facían as típicas orellas e filloas. En todas había misa e bailes. A festa era feita o primeiro día polo cura, o segundo o que collía a función (encargado de pagar ós curas e á orquesta) e o terceiro día a facía o pobo.

Recorda anécdotas da guerra como por exemplo veciños que marchaban e non tardaban oito días en chegar o certificado de defunción. Os homes ían á guerra xa con 18 anos, se nunha casa, por exemplo, había 2 homes, deixaban un para poder soste á familia.

Tiñan que xuntar algún saco de patatas que recollían para lle levar a xente que estaba na guerra. Tamén animais de tiro que eran usados para transportalos armamentos no fronte.

Ían pola xente ás casas e alomellor levaban a alguén e non se volvía saber nada deles.

Afirma que a guerra se notou moito máis nas aldeas que nas zonas próximas ás cidades.

Era tanta a pobreza que as mulleres vestíanse cos sacos nos que viña o mineral para a plantación. Había algunha roupa decente que era mandada por xente que vivía no estranxeiro.

Con todo este traballo meu avó non puido asistir a escola e era analfabeto. Había un día ó mes de clase pero en vez de ir quedaba xogando cos amigos de parroquia.

MOCEDADE

Ós 17 anos o meu avó quería cartos e optou por ir traballar a casa dun tío que chegara da Argentina. Alí, o seu traballo era ir a primeira hora da mañá con cinco vacas e dúas bestas ó monte que había a uns cinco kilómetros, debido a que alí había moito pasto. Pasaba o día coidando das vacas e pola noite regresaba á casa. O seu tío non lle tiña moito efecto e non o trataba moi ben polo que Xosé transmitiullo ó seu pai e este optou por mandalo á mili. Entrou ós 20 anos (1946) e acabou ós 23 anos (1949).

Foi voluntario xa que senon ía para África e dí que podía coller o paludismo.

Tiña recomendación de Teniente Coronel e do Capitán de Infantería de Santiago xa que este era amigo do seu pai. Como tiña recomendación estaría mellor no cuartel.

Traballou na mili como zapateiro o seu último ano protexido polo encargado da compañía.

Alí comíase moi mal, tanto que levaba comida da casa e a repartía para toda a semana. A xente pasaba alí moita fame. Como castigo ante un mal comportamento tíñanos toda a noite pelando patacas.

O seu traballo antes de entrar na zapatería consistía en saber manexaro fusil e facer maniobras con el. Tamén tiñan que saber tirar a un blanco colocado a mais ou menos 50 metros. Así pasou dous anos e o terceiro foi cando entrou na zapatería.

ETAPA ADULTA

Ó rematar estes 3 anos regresa a Arzúa e alí coñece a miña avoa cando o seu pai lle mandou ir a casa de Rosalía de Vilar (tía da miña avoa) a tomarlle as medidas para facerlle un calzado. A miña avoa, segundo o meu avó, era moi guapa e aínda por riba era filla única. Despois deste encontro comezou unha relación. Meu avó con 26 anos vota saíndo coa miña avoa dous anos para casarse en 1954 na parroquia dela.

A boda non foi como as de agora. Fixeros o convite en San Martiño e o “convite” foi na casa dela cunha comida un pouco especial para aquel tempo (carne asada, guiso...)

Ós poucos días de casarse múdanse á Coruña en busca dun traballo e monta unha zapatería na calle Marconi número 7, daquela costoulle unhas 18.000 pesetas que sumándolle ós arreglos foron unhas 30.000 pesetas.

O traballo foille moi ben, tanto que tivo que contratar a dous axudantes máis e o traballo da muller. Solo se dedicaban a reparación de calzado cosendo suelas e medias suelas a man. Traballando aquí nace a súa primeira filla (a miña nai). Tivo a zapatería 3 anos.

Marcharon para Perillo xa que a miña avoa non se acostumaba a vivir na Coruña e por iso veñen. Compran aquí un terreo cunha casa vella que lles

gustou por 215.000 pesetas. Esta cantidade dobraba o que tiñan pensado invertir polo que o meu avó tivo que emigrar a Suiza e alí traballou 7 meses collendo leituga en campos grandes como o aeroporto de Alvedro.

A miña avoa, a súa nai e a miña nai quedan traballando o bar que aquí montaron “BAR A PARADA”.

O meu avó mandaba tódolos meses o xornal que alí gañaba.

Decide emigrar a Francia buscando melloras no traballo xa que en Suiza eran pésimos, con xornadas de traballo de 12 horas seguidas. Múdase a Burdeos e alí traballa na construción con outros 25 homes baixo un patrón moi bon. Un dos irmáns que emigrara a Argentina ven de viaxe a España e dille ó meu avó que veña a Galicia para poder velo.

Ven ca idea de voltar outra vez a Francia pero como ve que aquí as cousas van mellor e a deuda xa estaba casi abolida decide quedar.

Cando ven tira a casa vella e en tres anos constrúe un edificio de tres plantas no que vivimos actualmente.

Xa aquí axuda no bar e tamén constrúe unha pequena embarcación e se dedica ó marisqueo. Este traballo dalle moitos cartos e canto máis se traballaba máis de gañaba, e o meu avó estaba acostumado a traballar moitas horas.

A miña nai e a miña tia reciben unha formación no colexio da Ponte Pasaxe.

A economía melloraba entre o bar e a marea. O bar péchao con 63 anos e sigue traballando ata os 65 que se xubila.

VELLEZ

Os primeiros aforros despois de construír a casa emprégao en comprar unha finca en Santa Marta (Bergondo) por 700.000 pesetas, na que índa hoxe traballa e cos seus 81 anos aínda se despraza ata alí en coche.

Os amaños na casa realízaos el, e non quere depender de ninguén e ata el mesmo dí: “AQUÍ AÍNDA QUEDA VELLO PARA MOITO TEMPO”